

ID#587

Bicerrán - Cambre - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Manuel (73)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

70a

“Ou María estás na casa
podo entrar unha miaghiña
estou Xaquín entra dentro
asta chegar á cocíña.”

“Moi boas tardes Marica
hola Xaquín e viñeches
desde te non vin afellas
moi falador te fixeches.”

“Pasa alí p'atrás do lume
e tén un pouco sentado
mentres vou berrar á filla
e dou a cena ó ghanado.”

“Ou Antonia e malo raio
te deixara sin fuciños
traim'un pouco d'herba seca
pra darlles ós becerraños.”

“Cheghate p'atrás Marela
seique estás moi deseosa
quére-lo comer ti todo
e non deixar prá Gharbosa.”

“Qué condanada de vaca
veñ'o diablo e que te leve
peghou un couce moi grande
non sei si en min se na parede.”

“E vouche alumbrar Marica
non Xaquín esté sentado
vou volver berrar á filla
a ver se vén de contado.”

“Antonia qué estás facendo
como chegh'a ir buscarte
un raio parta os nubeiros
se de min n'has de acordarte.”

ID#587



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

“Marica ten máis pacencia
non te poñas enfadada
qu'ó mellor está o merlo
ienseñando na bicada.”

“Xaquín deixame de contos
de merlos e de bicadas
vale mais criar becerros
ca fillas maladucadas.”

“Marica tu foches moza
fun certo das ben honradas
si muller si pro daquela
tamén se cocían fabas.”

“Daquela meu Xaquinciño
non vías mozas rapadas
nin saías pola rodilla
parcen meighas esghanadas.

Nin bälabamos parcheles
nin upas nin as antoñas
nin pintabámo-la cara
que parecen carantoñas.”

“Neso tés razón Marica
non che contradigho nada
cantas veces tés bälado
a mazurca sälteada.

os vales aghärrädiños
os chotes i a muiñeira
así bälabamos antes
ahor'é doutra mäneira.”

“Vouche decir ó que veño
qu'o tempo logho se pasa
que xa son as dez da noite
e traigh' a chave da casa.

Ben sabes que teñ' un fillo
qu'é ghuapo com'onha'strella
veñoche pedí-la filla
que se quer casar con ela.”

ID#587



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

“Ai, Xaquín da Sebe Torta
xuroll'á palla do millo
eu non quero a miña nena
no baldrághán do teu fillo.”

“Ben sabes que tén bos leiros
que seu pai Dios llo perdone
llos deixou á súa morte
aquele si qu' era bon home.”

“Marica dám'unha aperta
ai Xaquín que m'adoece
é millor casar axiña
non faghamos que nos pese.”

“Marica cando ti queiras
facémo-lo casamento
meu Xaquín canto máis antes
a cumprí-lo sacramento.”

“E da voda dos rapaces
non falamos nada deles
primeiro somos nosoutros
e despois que casen eles.”